

RESUMO: PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA AO

ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS (AACC)

CONCEPTO

Atendendo á LEXISLACIÓN vixente, consideramos **ALUMNADO CON AACC**, aquel que cumpra os seguintes criterios:

- Unha capacidade intelectual superior.
- Un alto nivel de creatividade.
- Persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Agora ben, considerando as posibles manifestacións das altas capacidades intelectuais, cómpre diferenciar entre **PRECOCIDADE**, **TALENTO** e **SUPERDOTACIÓN**:

A **PRECOCIDADE** intelectual supón un desenvolvemento cognitivo máis rápido que o resto dos nenos e das nenas da mesma idade. Fálase de precocidade intelectual cando as habilidades ou capacidades se adquiren antes do esperado, seguindo criterios cronolóxicos. Considérase alumnado precoz por exemplo, o neno ou a nena que empece a ler antes que os seus compañeiros ou compañeiras da aula, que utilice un vocabulario moi avanzado, que amose intereses e curiosidades atípicas, que comece a realizar operacións matemáticas antes que o resto, que amose un razoamento lóxico elevado, etc

O **TALENTO** refírese a aqueles nenos e nenas que amosan unha alta capacidade para unha ou varias áreas concretas do coñecemento e/ou habilidades excepcionais, pero non en todas. Hai que diferenciar entre o talento simple (creativo, lóxico, matemático, verbal, social, deportivo) e o talento complexo (académico, artísticofigurativo).

A **SUPERDOTACIÓN INTELECTUAL** implica un perfil cognitivo superior e homoxéneo, cun elevado dominio en todas as áreas de coñecemento ou habilidades. No alumnado superdotado converxen un nivel intelectual elevado, unha alta creatividade e gran persistencia en determinadas tarefas.

DOBRE EXCEPCIONALIDADE

As altas capacidades intelectuais, en certos casos, veñen acompañadas de características doutras necesidades específicas de apoio educativo ou ben de sobre-excitabilidades (termo acuñado polo psicólogo Dabrowski).

Cómpre precisar que as NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) que poden convivir máis frecuentemente coas ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS son: *Trastorno Do*

Espectro Autista (TEA), dislexia e Trastorno Por Déficit De Atención E Hiperactividade (TDAH) con patrón persistente hiperactivo-impulsivo.

IDENTIFICACIÓN DO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

A atención educativa de calidade ao alumnado con ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS require un proceso previo de identificación, no que se obtén información sobre a súa particular forma de ser e de aprender, o que permite axustar a resposta educativa ás súas necesidades. **O papel do profesorado no proceso de detección é fundamental para a identificación das altas capacidades intelectuais.** Será a Xefatura do Departamento de Orientación de cada centro, coa colaboración, de ser o caso, do Equipo de Orientación Específico quen as identifique.

INDICADORES DE ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Dada a diversidade do alumnado, en concreto daquel con ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS, cómpre prestar atención a certas manifestacións ou indicadores que permitan a súa identificación, para evitar que pase desapercibido ou que se confunda con outras realidades.

Entre estes rasgos poden salientarse os seguintes:

- Adquiren aprendizaxes temperás de xeito autónomo.
- Normalmente son rápidos ou rápidas na adquisición e retención da información.
- Aposan unha gran curiosidade intelectual.
- Fan moitas preguntas, algunhas das cales poden chegar a ser desconcertantes para a súa idade.
- Gozan resolvendo problemas e coa actividade intelectual.
- Ven as relacións causa-efecto.
- Teñen habilidade para conectar e establecer relacións entre datos aparentemente dispares.
- Teñen habilidade para manexar abstraccións.
- Presentan un razoamento particular, interpretando a realidade e a información dunha maneira diferente ao habitual.
- Teñen necesidade de xustiza, de verdade e de equidade (sentido ético).
- Posúen riqueza de vocabulario e facilidade verbal.
- Expresan pensamento crítico cos e coas demais e consigo mesmos ou mesmas.
- Aposan gran capacidade de observación.
- Móstranse abertos ou abertas a novas experiencias.

- Posúen alta creatividade e inventiva.
- Gústanlles as formas novas de facer as cousas.
- Teñen facilidade para concentrarse e estar atentas ou atentos, de forma ampla e sostida, nos temas do seu interese.
- Móstranse persistentes nas tarefas que lles resultan atractivas.
- Presentan unha gran actividade mental.
- Manifestan desagrado polas tarefas rutineiras e/ou repetitivas.
- Son moi sensibles e poden presentar reaccións emocionais intensas.
- Son independentes, prefiren o traballo individualizado.
- Teñen intereses diversos, moitas veces non coincidentes cos do seu grupo de idade.
- Mostran gran sentido do humor, que adoita ser peculiar.
- Preocúpanse por temas transcendentais, como a morte, a liberdade, a xustiza, a moral, etc.
- Son perfeccionistas.
- Presentan desaxustes entre o nivel de desenvolvemento cognitivo e a madurez socio-emocional.
- Teñen preferencia por estar con persoas adultas ou nenos e nenas maiores.
- Cústalles aceptar decisións cando non as entenden ou non lle atopan explicación razoada.

Naturalmente, a diversidade deste alumnado da lugar a que non teña que reunir todos estes indicadores para ser considerado alumnado de altas capacidades intelectuais.

INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Orientacións para profesorado en xeral

Recolleranse no Plan Xeral de Atención á Diversidade as medidas de atención á diversidade para o alumnado con ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS escolarizado no centro educativo, incorporando e desenvolvendo estas nas distintas programacións.

- Terase en conta a consideración a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais á hora de organizar a distribución do profesorado.
- Sensibilizar ao profesorado respecto ás medidas de atención á diversidade para o alumnado con altas capacidades intelectuais, establecidas na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Promover valores de solidariedade, respecto, tolerancia, colaboración, etc; evitando, de ser o caso, comparacións indebidas referidas ás capacidades do alumnado. Cada alumno

e cada alumna debe aprender a respectar e valorar as demais persoas, do mesmo xeito ca estas deben respectalo ou respectala.

- Detectar as necesidades de formación do profesorado relacionadas coa atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais, desenvolver accións formativas que dean resposta a estas necesidades a través das diferentes modalidades de formación que se ofrecen, para os centros, desde a Rede de Formación do Profesorado da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Contemplar, na Programación Xeral Anual, a coordinación entre os e as profesionais que interveñen co alumnado con altas capacidades intelectuais, favorecendo e promovendo espazos e tempos para realizar planificacións conxuntas coa finalidade de que a intervención educativa se realice co maior grado de coherencia, de coordinación e de colaboración posibles.
- Impulsar metodoloxías cooperativas que promovan a construción social da aprendizaxe, a participación activa do alumnado, a interacción e a axuda entre iguais.
- Potenciar o emprego de modelos e metodoloxías que respondan aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe e a ensinanza multinivel.
- Facilitar o desenvolvemento das potencialidades da alumna ou do alumno, evitando un excesivo nivel de esixencia e un desaxuste nas expectativas.
- Garantir a coordinación entre a familia, o profesorado, os servizos de orientación e, a través da familia, profesionais e/ou entidades que estean a participar ou colaborar no proceso educativo do alumno ou da alumna.
- Informar sobre a reserva de postos escolares para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sexa en 4º de educación infantil, sexa en 1º de educación primaria, sexa en 1º de educación secundaria obrigatoria.

Orientacións para a aula

- Potencie o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral -grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc, nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Respecte a diversidade de todo o alumnado, sendo coidadosos e coidadosas coas expresións usadas nas súas interaccións. En especial, que acepte o feito diferencial do alumnado con altas capacidades intelectuais como elemento enriquecedor do grupo.

- Fomente un bo clima de aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos.
- Interveña ante os posibles prexuizos e/ou estereotipos que poidan xurdir na aula, evitando comparacións entre iguais e tendo en conta que cada alumno e cada alumna é singular.
- Promova habilidades de intelixencia emocional para afrontar situacións que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aquelas outras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas.
- Potencie o seu rol como mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Compaxine actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas.
- Posibilite o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.
- Impulse proxectos que potencien a creatividade e induza situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.
- Reforce a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente.
- Facilite experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos.
- Promova a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real no seu contorno.
- Ofrezca posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Oferta de MEDIDAS EDUCATIVAS ORDINARIAS

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Desdobramentos de grupos. e. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades sociais.

Das [MEDIDAS ORDINARIAS](#) de atención á diversidade, os [PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR](#), é a máis axeitada para o alumnado con altas capacidades intelectuais. A consideración da diversidade require que as actividades de aprendizaxe contemplan distintos graos de execución, distintos recursos e fontes de información, distintas complexidades, etc., que dean resposta á diversidade de alumnado presente nas aulas.

[ENRIQUECEMENTO CURRICULAR](#) enténdese, na actualidade, como unha das mellores formas para dar resposta ás necesidades presentadas por todo o alumnado dentro dun marco inclusivo de diferenciación curricular. O enriquecemento, en xeral, busca infundir experiencias e actividades adaptadas ao nivel curricular, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado que profundicen no establecido no currículo ordinario, facéndoo, deste xeito, máis atractivo e interesante para o alumnado.

Un dos modelos educativos de enriquecemento curricular que mellores resultados académicos logra obter nas últimas décadas é o Modelo de Enriquecemento Escolar para todo o alumnado (Schoolwide Enrichment Model), de aquí en diante modelo [SEM](#) de Joseph Renzulli e Sally Reis (Renzulli, 1977; Renzulli & Reis, 1985, 1997). Trátase dun **plan organizativo** de enriquecemento e intervención educativa pensado, nun primeiro momento, para estudantes cun rendemento superior ou avanzado pero que, hoxe en día, é de aplicación a todo o alumnado, unha vez comprobadas as vantaxes e beneficios que reporta e oferta desde a investigación e a propia praxe educativa.

Os principios base do modelo [SEM](#), como plan organizativo e filosofía educativa resúmense nos seguintes puntos:

- Os centros escolares deberían ser lugares para que se desenvolva o talento.
- É preciso promover niveis de excelencia e calidade que contribúan ás novas ideas, produtos e formas de arte.
- Toda a comunidade educativa xoga un papel importante na mellora da sociedade.
- As persoas educadoras deben proporcionar aos estudantes oportunidades, recursos e motivación para aspirar aos máis elevados niveis de desenvolvemento do talento.

SEM, como se dixo anteriormente, comezou sendo un modelo educativo para responder ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais que se converteu, nas tres últimas décadas, nun modelo de escola inclusiva pois responde á diversidade da aula e optimiza a aprendizaxe de todos e cada un dos alumnos e alumnas. O modelo **SEM** proporciona experiencia de aprendizaxe e estándares de alto nivel para todo o alumnado a través de tres metas:

- Desenvolver talentos en todo o alumnado a partir dos seus intereses.
- Proporcionar un amplo rango de experiencias de enriquecemento de nivel avanzado para todos os alumnos e as alumnas.
- Proporcionar un seguimento de aprendizaxe avanzada baseado nos seus intereses.

Este modelo salienta o compromiso e o uso de experiencias de aprendizaxe agradables e desafiantes construídas a partir dos intereses do alumnado, os seus estilos de aprendizaxe e os seus estilos de produto

As claves do seu éxito e do seu bo funcionamento son:

- É un plan suficientemente flexible, que permite a cada centro educativo desenvolver o seu propio programa baseado na poboación específica, nos recursos locais e nas dinámicas de liderado do centro e as súas fortalezas.
- Pode ser aplicado a todas as áreas e materias contribuindo ao desenvolvemento das competencias clave.
- Promove unha aprendizaxe de alta calidade, desafiante e atractiva en todos os centros, independentemente da súa natureza, nivel e poboación.
- Non está destinado a substituír ou minimizar os servizos que xa existen para conseguir maiores logros do alumnado. É fundamental que o profesorado se forme nun coñecemento profundo sobre o enriquecemento e “infunda” prácticas específicas para que a aprendizaxe sexa de alta calidade dentro do programa do centro.
- Permite avaliar fortalezas, proporcionar oportunidades de enriquecemento, favorecer unha aproximación curricular flexible e aproveitar os recursos e servizos existentes.
- Persegue mellorar o desempeño de todo o alumnado en todas as áreas e materias do currículo e mesturar actividades do currículo ordinario con actividades de aprendizaxe enriquecidas.
- Promove o desenvolvemento das competencias profesionais docentes dos centros escolares, unha profesionalización continua, reflexiva e orientada ao crecemento

profesional. Neste sentido perséguese a formación de profesionais que orienten o axeitado desenvolvemento do currículo, a planificación e a utilización de recursos.

- Favorece a creación de comunidades de aprendizaxe que sigan o código ético e de respecto á diversidade cultural, intelectual e de xénero, que se rexan por principios democráticos e de preservación dos recursos do planeta.
- Busca a cultura colaborativa entre os centros, o que deriva en maior facilidade á hora de tomar decisións e de crear oportunidades.

O modelo **SEM** proporciona ademáis, un plan de organización que parte da análise das aptitudes, intereses e dos estilos cognitivos do alumnado e presenta diferentes propostas de enriquecemento que implican a mobilización tanto dos recursos presentes no centro como os presentes na comunidade educativa e no seu contorno.

Contamos con diferentes tipos de *enriquecemento*:

Enriquecemento tipo I: a intención destas accións é captar a atención do alumnado polo tema, motivar, conectar cos seus intereses, sensibilizar... Consiste en expoñerlle ao alumnado unha ampla variedade de disciplinas, temas, ocupacións, persoas, acontecementos, etc., que esperten os seus intereses. Poden ser exemplos desas accións as demostracións, os retos, desafíos, exposicións, etc.

Enriquecemento tipo II: integra materiais e métodos para promover o desenvolvemento de destrezas de pensamento así como habilidades emocionais que favorezan o desenvolvemento a nivel competencial.

Enriquecemento tipo III: implica actividades nas que o alumnado teña a oportunidade de investigar, deseñar, construír, crear e afondar nas áreas e/ou materias nas que amose interese. Estas experiencias son a culminación dun proceso de aprendizaxe natural e dun proceso de implicación a través da motivación persoal.

Cabe destacar outro elemento que contribúe ao *enriquecemento*, os *clústers de enriquecemento*: *son grupos de enriquecemento nos que se agrupa ao alumnado segundo os intereses comúns para afondar no coñecemento das áreas e/ou materias correspondentes a cada curso. A metodoloxía destes contornos é indutiva e está centrada na resolución de problemas do mundo real e o desenvolvemento de produtos e servizos auténticos.*

Oferta de MEDIDAS EDUCATIVAS EXTRAORDINARIAS

Adaptacións curriculares

As **adaptacións curriculares** deben realizarse tanto cando se adopten medidas de flexibilización da duración do período de escolarización -sexa por anticipación do inicio de escolarización obrigatoria, sexa por redución da duración dunha determinada etapa-, como cando se opte por que un alumno ou unha alumna con altas capacidades intelectuais curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias áreas ou materias.

ORIENTACIÓNS PARA A AVALIACIÓN CURRICULAR

A **avaliación** é un proceso que está presente en toda actividade humana pois permite comprobar se se acadou o que se pretendía ou se son necesarios axustes ou modificacións no proceso de avaliación.

Debe ter os mesmos referentes ca o resto do alumnado. É dicir, esa avaliación estará orientada ao que dispoñan os decretos do currículo das distintas ensinanzas para o curso correspondente, agás que se trate de alumnado con altas capacidades intelectuais co currículo adaptado (adaptación curricular).

A avaliación das competencias clave debe considerar, igual ca no resto do alumnado, as súas especificidades.

SEGUIMIENTO DA INTERVENCIÓN

O alumnado con altas capacidades intelectuais precisa un seguimento respecto á intervención e á evolución das medidas de atención á diversidade propostas no informe psicopedagóxico para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que presenta. Este seguimento debe realizarse nestes ámbitos:

Equipo docente e familia, que consiste nun seguimento continuo que trata de verificar a evolución do alumno ou da alumna e a funcionalidade das medidas adoptadas. Este seguimento debe realizalo o equipo docente e a familia, coordinado polo profesorado titor, quen recollerá por escrito as opinións deste e da familia, así como as propostas de novas medidas, de ser o caso. Departamento de orientación, que terá a periodicidade que se determine no informe psicopedagóxico e será responsabilidade da xefatura do departamento de orientación. Neste ámbito de seguimento analizaranse os informes do seguimento do equipo docente e valoraranse o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, a coordinación do equipo docente e a aplicación das medidas educativas propostas no informe psicopedagóxico. Igualmente, de ser o caso, decidirse sobre novas medidas que poida necesitar o alumno ou a alumna. A familia do alumnado con altas capacidades intelectuais será informada sobre as

medidas de atención educativa propostas e sobre calquera outro cambio ou axuste que se puidese producir ao longo da súa escolarización.

No informe de avaliación individualizado que se elabore ao remate do curso, o profesorado tutor, asesorado polo orientador ou pola orientadora do centro, recollerá información do alumno ou da alumna referida ás medidas educativas adoptadas, aos resultados de ditas medidas e ás orientacións ou propostas para o vindeiro curso académico.

Ao comezo de cada curso, o orientador ou a orientadora será o encargado de informar ao profesorado tutor e ao equipo docente das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado con altas capacidades intelectuais e das medidas propostas, en base ao informe psicopedagógico e á información do equipo docente do curso anterior e da familia.